



**NORMAS BÁSICAS
PARA ENTIDADES
SOCIAIS E
CULTURAIS
DO CONCELLO
DE MARÍN
DE UTILIZACIÓN
DOS LOCAIS
MUNICIPAIS**

Normas xerais

Os **locais sociais e culturais** municipais aos que se refire o presente documento son as de propiedade municipal:

- Parque Azul de Cantodarea
- Antiga aula de Música
- Salóns da Finca de Briz
- Local Social da Cañota
- Antiga Cámara Agraria
- Casa de Cultura de Seixo
- Casa de Cultura de Mogor
- Salóns de Méndez Núñez

Os locais municipais só serán alugadas por **entidades sociais ou culturais inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Marín e non por particulares**.

O presente documento é **de obrigado cumprimento** por parte das entidades que soliciten (ou teñan autorizado) o uso dun local municipal do Concello de Marín dos anteriormente citados.

A **responsabilidade da utilización** dos mesmos será da **entidade social ou cultural** solicitante. A entidade deberá seguir sempre as indicacións do persoal da Concellería de Cultura do Concello de Marín.

O presente documento está subordinado ás **pautas establecidas polas autoridades sanitarias** en cada momento, así como á evolución da pandemia, polo que poderá ser modificado en calquera momento.

O **incumprimento** das normas e indicacións incluídas neste documento **conlevará a suspensión da autorización de uso da instalación** municipal.

Normas de uso nos locais

- Será **obligatorio** o uso da **máscara** en todo momento
- Deberá respectarse o **aforo** que se indicara na entrada de cada unha das dependencias. O aforo de cada local quedará limitado en función do seu tamaño, de maneira que sexa posible manter a distancia de seguridade entre os usuarios.
- Non se poderá almacenar **material de actividades** fóra dos espazos adicados para cada autorizado, debendo quedar libres os espazos comúns.
- Debido á actual situación, **unicamente estará habilitado un baño** para mulleres e outro para homes nos locais, quedando o resto clausurados.
- Dentro dos propios locais, o **mobiliario deberá ser o imprescindible**, limitándose a mesas e cadeiras, retirándose todo o resto de materiais decorativos, cadros.... a menos que conste autorización por escrito para a súa utilización.
- Dado que a **limpeza dos locais** farase nos días e horarios establecidos antes da Covid19, non se poderán facer cambios nos días e horarios sen autorización por parte da Concellaría de Cultura, non podendo acceder aos locais outros días e horas das autorizadas.
Independentemente da limpeza que se realizará por parte do Concello, cada asociación terá que desinfectar os elementos, como cadeiras e mesas que utilice durante o desenvolvemento da súa actividade.

Normas de uso nos locais

- O uso dos locais non é privativo de ningunha asociación, polo que ninguén pode facer nin copias das chaves nin cambiar fechaduras sen autorización da Concellaría de Cultura e para evitar problemas co persoal de limpeza, que terá acceso a todas as dependencias, sendo responsable a persoa solicitante de dito local.
- Queda prohibida a entrada ás instalacións noutras franxas horarias ou días das autorizadas.
- O Concello non se fai responsable dos deterioros que puidesen sufrir os elementos que non estean gardados e queden expostos.
- Coros e agrupacións vocais:
 - Nas actuacións que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersoal entre os integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público.
 - Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación.
 - As condicións sinaladas nos números 1 e 2 tamén deberán respectarse durante as actividades de ensaio dos coros ou agrupación vocais de canto
- Orquestras, bandas e outras agrupacións musicais:
 - Durante a actuación e os ensaios de orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, as persoas integrantes deberán manter a distancia de seguridade e, se iso non é posible, reducirase o número de compoñentes de xeito que se cumpra coa dita distancia.

Normas de uso nos locais

- Todos os compoñentes da orquestra, banda ou agrupación musical que non sexan intérpretes de instrumentos de vento ou vocalistas deberán levar máscara durante toda a actuación ou ensaio. Os vocalistas e os intérpretes de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento da súa intervención vocal ou durante o uso do instrumento e deberán manter a distancia de seguridade durante a súa actuación e os ensaios, evitando situarse enfronte doutros intérpretes e recomendándose o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.
 - Recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade os chans dos espazos de actuación ou ensaio con instrumentos de vento.
 - As actuacións e ensaios en exteriores ou en recintos diferentes aos habituais realizaranse seguindo, ademais, as medidas de prevención específicas deses espazos e sempre gardando a distancia de seguridade interpersoal”.
- A Asociación remitirá á dirección de correo electrónico: itziar.alvarez@concellodemarin.es antes do inicio da actividade o listado de usuarios que accederán á instalación , segundo modelo **ANEXO II**.
 - A Asociación solicitará aos seus participantes un documento (achégase **ANEXO III**) no que conste:
 - Unha declaración responsable de condicións de saúde.
 - A aceptación das condicións persoais de hixiene e prevención fronte á COVID-19
 - Unha declaración de ler e aceptar a información proporcionada pola entidade sobre a adaptación da actividade á COVID-19

Normas de uso nos locais

- A Asociación responsabilizarase de que non poida acceder á instalación ningunha persoa positiva en COVID-19, asintomática ou non diagnosticada pero con algún síntoma. Aconséllase á Asociación realizar un **control da temperatura corporal** no acceso á instalación
- Non está permitida a entrada a **persoas alleas** á actividade.
- Respetarase:
 - O **distanciamiento físico** mínimo (1,5 metros).
 - **Lavado regular de mans** seguindo as indicacións dispostas polas autoridades sanitarias. Aconséllase que cada entidade provea do mesmo aos seus usuarios.
 - Uso de **máscara**
 - **Desinfección** ao finalizar a actividade de todo o material utilizado, tanto persoal como propio da instalación.
 - Os **desperdicios** xerados despois de cada uso deberán ser depositados nas papeleiras da instalación.
- **ASEOS**: Limitarase o uso deste a un por instalación, aconsellándose usalos só en caso de urxencia.

Normas de actuación en caso de sintomatoloxía

No caso de que unha persoa da entidade deportiva con acceso as instalacións deportivas municipais teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao responsable da entidade deportiva e esta ao servizo galego de saúde (teléfono 900400116) para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade:

<https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/203/Decalogo.pdf>

Neste senso considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia (dor de garganta agudo), anosmia (perdida de olfato), ageusia (alteración do sentido do gusto), dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoien a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.


En caso de detección dun positivo por COVID-19 nun membro da entidade deportiva deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Se a detección se produce na instalación procederase ao aillamento nun local pechado, á colocación de máscara cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas.

Unha vez finalizada a actividade deberase informar de calquera circunstancia xurdida ao longo da actividade susceptible de ter en conta por mor da extraordinaria situación sanitaria: abandono anticipada da actividade, síntomas de posible enfermidade, etc.

D./Dna. _____ con NIF _____
en calidade de PRESIDENTE/A da entidade
_____ con CIF _____

SOLICITA

A utilización das instalacións municipais para a realización das actividades para os días e horas que a continuación indico tendo en conta a disposición organizativa do Concello de Marín, aceptando as condicións de participación incluídas no documento de normas básicas e adoptando as medidas oportunas e necesarias:



DECLARA

1. Que a entidade que represento exime ao Concello de Marín de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
2. Que se coñece, se acepta e se cumpre o protocolo anteriormente indicado.
3. Que se coñece e se acepta o presente documento de uso da instalación deportiva municipal.
4. Que o coordinador/a da Asociación a efectos do disposto neste documento de normas básicas de actuación para o uso das instalacións municipais, é

D./Dna. _____
con DNI _____

Fdo. _____ **En Marín a** _____ **de** _____ **de 2021**

ANEXO II

LISTADO DE PERSOAS ASISTENTES Á ACTIVIDADE

ENTIDADE	
RESPONSABLE	

DÍA		HORA	
-----	--	------	--

NOME E APELIDOS		TELÉFONO	TIPO

O aforo permitido en calquera instalación é o indicado na porta de sala ou local, e en cada franxa horaria indicada por esta Concellaría. Este documento deberá estar en poder desta Concellaría antes do inicio da actividade, enviándose o mesmo á dirección de correo electrónico: itziar.alvarez@concellodemarin.es

ENTIDADE	
RESPONSABLE	

☐ actuando en nome propio (persoa participante maior de idade)

☐ como proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade): _____

NOME		DNI	
------	--	-----	--

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

☐ Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tos, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.

☐ Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid-19 nin estivo en contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada polo Covid-19, nos 14 días previos á entrada nesta actividade.

☐ Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 antes, durante ou despois da actividade.

DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES

(Marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores)

☐ Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

☐ Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19

☐ Declaro que recibín e lín o documento de normas básicas de actuación para o uso das instalacións municipais do Concello de Marín e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou dacordo coas medidas e procedementos que propón.

CONSENTIMIENTO INFORMADO SOBRE COVID-19

☐ Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Fdo.

En Marín a _____ de _____ de 2021



PARA MÁIS INFORMACIÓN OU APORTACIÓNS:

Concello de Marín

Avda. de Ourense, s/n

986 88 03 00

itziar.alvarez@concellodemarin.es